



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Web://[www.concellocarral.com](http://www.concellocarral.com) Sede Electrónica://[sede.carral.es](http://sede.carral.es) Email: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

# BANDO

## Rexistro Obrigatorio de Explotacións Avícolas de Autoconsumo (GALIÑEIROS)

Don Francisco Javier Gestal Pose, alcalde do Concello de Carral, por medio do presente bando **FAI SABER** que:

En aplicación do Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, é necesario por parte dos particulares rexistrar os currais (GALIÑEIROS) de autoconsumo (currais avícolas onde haxa galiñas, polos, patos, ocas, pavos, pombas, pintadas, faisáns, perdices e paspallás).

Para facilidade da veciñanza de Carral, o Concello puxo a disposición nas oficinas municipais un modelo de documento que hai que presentar (MR501A) e que se poderá presentar a través do Rexistro do Concello, sen necesidade de acudir ás dependencias da Xunta de Galicia. Para realizar este trámite é imprescindible achegar o DNI.

Para consultas relacionadas con este tema pódese contactar coa Concellería de Medio Ambiente e Medio Rural do Concello de Carral no teléfono 981 67 00 02.

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose